

**ANEXO VIII**

**PLAN DE**

**ATENCIÓN**

**Á DIVERSIDADE**

**VINCIOS**

**CEIP SERRA VINCIOS**

## **INDICE**

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO
  - 1.1. Situación xeográfica
  - 1.2. Contexto escolar
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES
3. OBXECTIVOS
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
  - 4.1. Prevención primaria
  - 4.2. Avaliación psicopedagóxica
  - 4.3. Medidas ordinarias
  - 4.4. Medidas extraordinarias
  - 4.5. Plans e programas que se levan a cabo no CEIP Serra-Vincios
5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

10. AVALIACIÓN DO PLAN

11. ANEXOS

## **INTRODUCCIÓN**

O **Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)** ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta educativa ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado neste centro e, en especial, aquel alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptárase á realidade e singularidade do centro.

O modelo educativo adoptado pola **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE)** modificada pola **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)** entende a atención a diversidade como unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e a todo o alumnado, é dicir, trata de considerar a diversidade do alumnado como principio que debe rexer todo o ensino básico, non como unha medida que corresponde á necesidade duns poucos/as.

Desde esta perspectiva, enténdese por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse, como son aptitudes, intereses, motivacións, ritmos e estilos de aprendizaxes, experiencias previas, contornos sociais e culturais.... Así, todos estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto ás súas necesidades educativas e que determinarán as respostas educativas, que poderán ir desde as máis ordinarias ata as máis extraordinarias.

Deste xeito, o **PXAD** é unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e precisa dalgún tipo de axudo, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo. Dentro deste último grupo encadraríamos a aquel alumnado que presenta, tal e como indica a **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE)**, a **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)** e o **Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia**, *“necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar”*.

Polo tanto, “o **PXAD** é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.1. da **LOE**. Neste plan concretaranse todas as actuación e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado”, tal e como se indica no artigo 10 do **Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.**

## **1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**

Entendemos por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O obxectivo deste plan é compensar as posibles carencias derivadas de situacións persoais, sociais e culturais desfavorecidas e garantir unha resposta educativa de acordo á diversidade existente referente a necesidades, intereses e diferenzas culturais e sociais dos alumnos.

Consideramos a pluralidade sociocultural como un factor enriquecedor dunha escola integradora e plural.

Co plan pretendemos previr a resolver aspectos relacionados coa diversidade do alumnado, evitando problemas de exclusión social, discriminación e inadaptación, pretendendo organizar os recursos humanos e materiais, de xeito que contribúan a dar resposta ás necesidades educativas que atopamos nas aulas a causa da diversidade de intereses, capacidades e ritmos de aprendizaxe que atopamos no noso alumnado.

### **1.1. Situación xeográfica**

O C.E.I.P. Serra-Vincios está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. De todas as parroquias do concello de Gondomar, a de Vincios é a máis próxima ao concello de Vigo.

Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiro, Fraga, Guisande, Hervillás, Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, Serra, Tumbio e Xian.. O nivel socio-económico da maioría das familias da zona é medio-baixo e a súa lingua predominante é o galego.

## **1.2. Contexto escolar**

O centro consta de 9 unidades, que se adapta ás características do sistema educativo que se establece na L.O.E. 2/2006, de 3 de maio, modificada pola L.O.M.C.E. 8/2013, de 9 de decembro, dispoñendo de aulas suficientes, ademais de aula de música, aula de informática, aula de plástica e experimentos, taller de cociña, 1 patio de recreo e deportivos dividido en dous patios: un de infantil e outro de primaria, ximnasio, con función de patio cuberto, biblioteca, aula de xogos e psicomotricidade de Educación Infantil, aula de PT, aula de AL, departamento de Orientación, comedor, aula da coidadora, así como outras dependencias destinadas ás funcións administrativas e de dirección do centro.

Neste P.X.A.D. faremos constar unha serie de datos referentes ao C.E.I.P. Serra-Vincios

### **PROFESORADO**

Son 17 postos de traballo que están repartidos da seguinte forma:

<b>Posto de traballo</b>	<b>Nº de profesores/as</b>
Educación Infantil	4

Educación Primaria	6
Especialistas en lingua estranxeira: inglés	1
Educación musical	1
Educación Física	1
Pedagogía Terapéutica	1
Audición e Linguaxe	1
Orientación	1
Relixión	1
<b>TOTAL</b>	<b>17</b>

Ademais, contamos cunha mestra especialista en lingua estranxeira: inglés, compartida co CEIP Sárdoma-Moledo, sendo este o seu centro base (CEIP Sárdoma-Moledo), que acude 2 días á semana (luns e mércores). Cabe mencionar que a mestra de audición e linguaxe tamén a compartimos, co CEIP Souto Donas de Gondomar, sendo o seu centro base o CEIP Serra-Vincios e acudindo 3 días á semana (martes, xoves e venres). O mesmo ocorre coa mestra de relixión, compartida co CEIP Souto Donas de Gondomar sendo o seu centro base o CEIP Serra-Vincios e acudindo 3 días á semana (luns, martes e mércores).

### **ALUMNADO**

O alumnado está distribuído en aulas non demasiado masificadas, o que permite unha mellor atención á diversidade

GRUPO	EDUCACION INFANTIL			EDUCACION PRIMARIA					
	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Alumnado	20	20	18	21	18	17	22	17	15
TOTAL	58			110					
	168								

### PERSOAL NON DOCENTE

Contamos co seguinte persoal:

- 1 conserxe dependente do Concello de Gondomar.



- 1 cuidadora mentres haxa necesidades educativas especiais.
- Persoal de limpeza que pertence a unha empresa privada contratada polo Concello.

## **AS FAMILIAS**

En xeral, a participación das familias nas actividades escolares é boa, colaborando co centro mediante a Asociación de Nais e Pais Santa Mariña do CEIP Serra Vincios, organizando actividades extraescolares, o comedor escolar entre outras.

## **2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES**

A avaliación docente completada, se é o caso, coa avaliación psicopedagóxica, é o procedemento esencial para a identificación das necesidades do alumnado. Pero é tamén importante, tras a valoración individual que o profesorado leva a cabo acerca dos resultados obtidos e do desenvolvemento xeral do proceso educativo, o proceso de reflexión e valoración colectiva que se desenvolve a través dos órganos de coordinación e se reflicte nas memorias e documentos de centro.

As necesidades se sitúan en tres planos principais: necesidades do alumnado, necesidades do centro e necesidades do contexto.

- Necesidades do alumnado: Educar para a solidariedade e para a colaboración. Desenvolver a tolerancia e o respecto ós demais como eixes básicos de comportamento. Aceptar a diversidade como factor educativo e enriquecedor. Concienciar ao alumnado no respecto e conservación do medio social e natural que os rodea. Valorar o coidado e hixiene persoais como aspectos importantes da convivencia. Estimular o desenvolvemento dunha personalidade propia fronte a condutas de imitación do grupo.

- Necesidades do centro; Crear un clima de convivencia que propicie o traballo en equipo. Potenciar a participación do profesorado nas decisións do centro. Alentar o desenvolvemento profesional do profesorado mediante o intercambio de experiencias, formación e innovación educativas. Manter unha relación fluída entre as familias e o profesorado para conseguir unha colaboración que permita responsabilizarse a todos duns obxectivos comúns. Evitar todo tipo de discriminacións en función de capacidades, razas, sexo ou relixión. Lograr que os alumnos se sintan responsables da vida do centro. Participación na creación e dinamización dos diversos plans organizativos dos centros.
- Necesidades do contexto; Fomentar a convivencia no contexto social. Fomentar relacións fluídas e dialogantes entre a Comunidade Educativa, a Administración e o resto de institucións. Estimular a participación das familias, alumnado e institucións na vida do centro.

As estratexias empregadas para a detección de necesidades específicas de apoio educativo son as seguintes:

- Entrevistas coas familias
- Conversas co profesorado
- Información recollida pola Orientadora nas reunións de avaliación
- Reunións da Orientadora coas mestras de PT e AL para revisión de informes de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, análise das propostas de medidas de atención á diversidade (ACI, RE) do alumnado de nova incorporación ao centro, análise dos informes individualizados de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe e dos seguimentos realizados ao final do curso do alumnado con medidas de atención á diversidade.

As necesidades máis importantes que se detectaron ao longo dos cursos foron as seguintes:

- En relación co **alumnado**:
  - ✓ Realización de avaliacións psicopedagóxicas e informes dos alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo
  - ✓ Valoración de posibles novas ACI.
  - ✓ Atención a alumnos/as con dificultades na fala, na linguaxe e na lectoescritura.
  - ✓ Intervención no alumnado con TDAH.
  - ✓ Atención a alumnos e alumnas con dificultades específicas de aprendizaxe
  - ✓ Intervención cun alumno con trastorno negativista desafiante, TDAH e posible Asperger
  - ✓ Intervención con alumnado con trastorno dentro do espectro autista (TEA)
  
- En relación coas **familias**:
  - ✓ Promover a información/orientación aos pais/nais no que se refire ó desenvolvemento dos alumnos/as.
  - ✓ Desenvolvemento de charlas para pais e nais.
  
- En relación co **profesorado**:
  - ✓ Asesoramento en medidas de atención á diversidade.
  - ✓ Colaboración co profesorado no deseño, desenvolvemento e seguimento das medidas de atención á diversidade que existen no centro.

✓ Apoio dentro da aula ordinaria

• En relación cos **servizos de apoio externos ao centro**:

✓ Mantemento da colaboración cos servizos médicos que atenden aos nosos alumnos e alumnas e cos Gabinetes psicopedagóxicos aos que asisten.

### 3. **OBXECTIVOS**

Entendendo que a **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)** é unha modificación da **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE)** e que, polo tanto, sigue vixente coas modificacións aportadas pola **LOMCE**, os obxectivos en materia de atención á diversidade guíaranse polo recollido no artigo 157 da **LOE**, en referencia a establecemento de programas de reforzo e apoio educativa e de mellora das aprendizaxes, establecemento de programas de reforzo e mellora das aprendizaxes e en atención á diversidade do alumnado, en especial, aquel alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

A realidade escolar obriga aos centros educativos a prestar unha especial atención á diversidade da poboación escolar, co fin de planificar medidas educativas que faciliten unha resposta adaptadas ás necesidades específicas que presentan os alumnos e alumnas escolarizados. Cada centro debe pór en marcha múltiples estratexias para lograr que a acción formativa que desenvolva sexa capaz de chegar a cada unha das persoas que conforman a pluralidade do seu alumnado.

É por iso que ó longo dos diferentes cursos escolares, desde o Departamento de Orientación marcámonos unha serie de **obxectivos**, como son os que seguen:

- ✓ Detectar o antes posible as necesidades educativas especiais dos alumnos e alumnas e establecer un diagnóstico e intervención axeitados.
- ✓ Facilitar ao alumnado con necesidades educativas especiais unha resposta axeitada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.

- ✓ Procurar que todo o alumnado adquiera as competencias básicas no maior grado que sexa posible.
- ✓ Establecer criterios pedagóxicos que orienten a adopción de decisións respecto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Clarificar as responsabilidades de cada un dos profesionais implicados no proceso nun contexto de cooperación.
- ✓ Planificar propostas educativas diversificadas; de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado.
- ✓ Garantir a actuación coordinada de todo o equipo docente para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- ✓ Organizar os recursos humanos e materiais do centro co fin de dar unha resposta educativa axeitada a todo o alumando, en especial a aquel que presente necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Fomentar a participación das familias e involucralas no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- ✓ Establecer vías de colaboración e coordinación con profesionais e institucións externas ó centro (cando proceda).

#### **4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Segundo o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación** (artigo 7) “enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas

actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumando”.

#### **4.1. *Prevención primaria***

Desde este centro consideramos importante a prevención primaria, e polo tanto, desenvolvemos diferentes programas para levar a cabo dito obxectivo como son:

- **Avaliación dos alumnos e alumnas que inician a etapa de Educación Infantil**

Unha vez formalizada a matricula, o Departamento de Orientación convocará as familias para a realización dunha entrevista inicial (maio – xuño). Os titores dos alumnos e alumnas, realizarana á principio de curso (setembro).

Posteriormente, o Departamento de Orientación conxuntamente coa titora de 4º Educación Infantil, farán un tratamento da información recollida no mes de setembro – outubro.

Durante o 1º trimestre do curso, a orientadora iniciará unha observación do alumnado de 4º de Educación Infantil, procurando establecer unha hora semanal dentro da aula para a observación de aspectos como:

- desenvolvemento motor
- desenvolvemento da linguaxe
- actitudes
- sociabilidade
- autonomía
- adquisición do esquema corporal

- **Valoración dos alumnos ao rematar os cursos pares de Educación Primaria e o segundo ciclo de Educación Infantil**

Aos alumnos de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria, faráselle unha avaliación tendo en conta aspectos curriculares e aptitudinais e o nivel de desenvolvemento madurativo do alumno.

Para facer esta avaliación, empregarase o BADYG, empregando o apropiado para cada nivel educativo.

A proba pasarase entre os meses de abril e maio e o tratamento da información recollida na mesma, procurarase facer no mes de maio/xuño.

Ós alumnos e alumnas que rematan 6º de Educación Infantil, pasaráselle esta proba no mes de outubro do curso seguinte, para que non queden excluídos da mesma ningún alumno ou alumna que se incorpore ao centro no 1º curso de Educación Primaria. E tamén tendo en conta, que nos dous meses de verán evolucionan o suficiente como para facer variar os resultados.

A orientadora xunto co titor/a pasarán as probas a todo o grupo clase, se no grupo houbera un elevado número de alumnos con inatención e/ou outro problema de aprendizaxe, poderíase contar ca axuda da profesora de Pedagogía Terapéutica. A corrección e valoración das probas levarase a cabo no Departamento de Orientación, pola orientadora.

O tratamento da información irá orientado a detectar posibles dificultades de aprendizaxe en áreas e aspectos específicos das mesmas, tanto a nivel individual como grupal. Esta información permite deseñar actuacións de titoría para o ciclo que inician e adoptar as medidas de atención á diversidade que máis conveñan para o seguinte curso.

- **Avaliación inicial dos alumnos que se incorporan ao noso centro**

Segundo a **Orde do 27 de Decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, ao**

comezo da escolarización, o alumnado, sexan en Educación Infantil ou Educación Primaria, será obxecto dunha avaliación inicial. Esta avaliación inicial dos alumnos realizarase mediante:

- **Entrevista inicial coa familia:** a orientadora convocará as familias dos alumnos e alumnas que se incorporan por primeira vez ao centro, co fin de facer unha recollida de datos que nos proporcione a maior información posible sobre aspectos evolutivos, escolares e familiares dos alumnos e alumnas. O titor ou titora do alumno ou alumna, tamén realizará unha entrevista inicial coa familia, cando así o considere oportuno.
- **Probas curriculares:** para decidir sobre o nivel educativo que lle corresponde a un alumno ou alumna procedente doutro centro, no caso de ser necesarias (caso de alumnos con informe psicopedagóxico, estranxeiros...). Serán elaboradas polo Departamento de Orientación en colaboración cos titores. Poden ser pasadas pola orientadora ou Xefe de Estudos, tendo en conta que son previas á incorporación do alumno ou alumna a un grupo ou nivel educativo.

Toda esta información recollida tanto na entrevista, como nas probas curriculares será tratada co titor ou titora do alumno ou alumna, e se fora necesario cos profesores especialistas, e serviranos de instrumento para prever posibles dificultades.

No caso que se detecte algunha posible dificultade efectuaráselle a avaliación psicopedagóxica.

#### **4.2. *Avaliación psicopedagóxica***

Tendo en conta a **Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos con necesidades educativas especiais que cursan ensinanzas de réxime xeral**, dita avaliación:



Realizarase en aqueles casos en que sexa necesario fundamentar decisións ó respecto da modalidade de escolarización máis axeitada, proposta de flexibilización do período de escolarización, elaboración de adaptacións curriculares, determinación de recursos e apoios específicos complementarios, orientación escolar.

Nesta avaliación psicopedagóxica, recolleranse aspectos relativos ás características individuais do alumnado, características do contexto sociofamiliar e características do contexto escolar.

Poden colaborar na súa realización o profesorado que imparten docencia ao alumnado e a familia, aínda que a responsabilidade da súa realización é do Xefe do Departamento de Orientación que realizará un informe no que deberá constar da forma máis completa posible a situación evolutiva e educativa actual do alumnado, a concreción das súas necesidades educativas especiais, e se é o caso, a proposta curricular e o tipo de apoio que pode precisar durante a súa escolarización.

O procedemento de solicitude da avaliación psicopedagóxica é o seguinte:

- Folla de demanda cuberta polo titor ou titora do alumno ou alumna (tamén se pode considerar a información doutros profesores que inciden no alumno ou alumna) (Anexo 1)
- Enquisa informativa sobre aspectos de aprendizaxe do alumno ou alumna.
- Avaliación por parte da Orientadora:
  - observación e recollida de información dentro e fora da aula ordinaria, da familia; pertinencia de probas curriculares e/ou psicolóxicas; informe das mesmas, tratamento desta información cos profesores da aula.
  - Elaboración do informe xeral ou psicopedagóxico segundo o caso.
- Establecemento da modalidade de apoio/reforzo educativo e orientacións sobre actividades tipo e estratexias que procuren a mellora das necesidades educativas do alumno ou alumna en cuestión.

- Seguimento e evolución do alumno ou alumna e adecuación das medidas adoptadas.

A partir de dita avaliación psicopedagóxica pódense adoptar medidas ordinarias ou medidas extraordinarias en función da necesidade.

### **4.3. Medidas ordinarias**

Inclúense dentro das medidas ordinarias aquelas que se citan como tales **no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**, segundo o cal *“considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contados e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centro educativos e ás características do alumnado”*.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para as diferentes ensinanzas.

Así, para o presente curso téñense previstas as seguintes medidas ordinarias de atención á diversidade:

- ***Metodoloxía baseada no traballo de grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión***

O profesorado do CEIP Serra-Vincios ten previsto levar unha metodoloxía coa que se desenvolva un modelo de aprendizaxe que sexa o máis significativo posible para o alumnado. Polo xeral, optarase por unha metodoloxía activa, aberta e flexible, tendo en conta algúns principios básicos como:

Plan de Atención á Diversidade (PXAD)

- ✓ Partir do nivel de desenvolvemento do alumno e dos seus aprendizaxes previos. Para elo, a mestra/e titora realizará unha avaliación inicial a principio de curso).
- ✓ As aprendizaxes serán significativas, mediante a mobilización dos seus coñecementos previos, sendo capaces de realízalos por eles mesmos, proporcionándolles situacións que teñan sentido, motivadoras e que actualicen os seus coñecementos.
- ✓ Formular situacións de aprendizaxe que esixan actividades mental, levándolles a reflexionar as situacións e xustificalas.

- **Reforzo educativo e de apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria**

Debemos ter en conta que o profesorado que non cubra o seu horario lectivo despois da súa adscrición de grupos, áreas ou ciclos poderá participar en tarefas de desenvolvemento do P.X.A.D. do seguinte xeito:

- Realización de tarefas de reforzo educativo para que o alumnado adquira as destrezas básicas
- Apoio a outros mestres e actividades lectivas que requiran a presenza de máis dun mestre na aula

NOTA:

A dirección do centro asignará os apoios seguindo a normativa legal vixente e exporá, previo á asignación, en claustro, os criterios nos que se basearán para asignalos. Estes criterios de reparto serán equitativos, procurando que non existan agravios comparativos co profesorado implicado.

- **Programas de habilidades sociais**

Atendendo ao establecido na **Lei do 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación a comunidade educativa** (artigo 19) “como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección o Departamento de Orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais

para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.”

Tendo en conta que no centro atopámonos con situación de comportamento disruptivo, levará a cabo un programa de habilidades sociais para mitigar tales comportamento.

- ***Aula de Convivencia Inclusiva***

Ó abeiro do establecido no artigo 25 do **Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**, levarase a cabo a creación dunha aula de convivencia inclusiva, que ten como finalidade substituír o tempo de expulsión do alumnado, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa aula no menor tempo posible.

Esta aula crearase no Departamento de Orientación e estará atendida polo profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de garda

- ***Equipo de mediación***

Atendendo ao establecido no artigo 26 do **Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**, créase no CEIP Serra-Vincios un equipo de mediación escolar, coa pretensión de intervir de xeito imparcial na resolución de conflitos e atopar un acordo satisfactoria para as partes implicadas no conflito.

Este equipo de mediación estará formado polas seguintes persoas:

- ✓ Orientador/a.
- ✓ Mestre/a de Educación Infantil.
- ✓ Mestre/a de Educación Primaria.

Ademais destas, levaranse a cabo outras medidas ordinarias como:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación
- Programas de reforzo e recuperación

#### **4.4. Medidas extraordinarias**

Inclúense dentro das medidas extraordinarias aquelas que se citan como tales no **Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**, segundo o cal *“considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que podan requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes”*.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou

da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación

Na actualidade, no CEIP Serra-Vincios, tendo en conta as necesidades específicas de apoio educativo, as medidas de carácter extraordinario que se levan a cabo son as seguintes:

- ***Adaptacións Curriculares Significativas***

Segundo a **Orde do 6 de Outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo na nosa comunidade**, as adaptacións curriculares son modificacións dun ou máis elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) para atender as necesidades educativas dun alumno motivadas por unha determinada dificultade persoal ou polas súas capacidades excepcionais.

Para a súa elaboración seguirase o seguinte protocolo de actuación;

- Solicitude ó Departamento de Orientación da Avaliación Psicopedagóxica pertinente coa emisión do informe perceptivo.
- Á vista do informe, efectuarase unha reunión de todos os profesionais implicados na posible adaptación curricular, coordinada polo Xefe de Estudos.
- Procederese á elaboración do documento de adaptación curricular.
- Unha vez elaborado, e revisado nunha nova reunión, o director enviará a proposta a Inspección Educativa.
- Inspección Educativa remitirá o informe ao respecto.

O deseño e desenvolvemento da adaptación curricular será responsabilidade do mestre da área implicada, co asesoramento, se é preciso, do Departamento de Orientación, tendo en conta a priorización dos contidos actitudinais e procedimentais. O seu desenvolvemento será no contexto educativo ordinario, agás en casos excepcionais, e sempre menos de 1/3 da xornada escolar. As intervencións específicas dos mestres de PT ou AL, na aula ordinaria

ou fóra dela, serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación en colaboración co titor, sendo o Xefe de Estudos quen coordine estas actuacións.

O referente da adaptación curricular será o currículo ordinario. A duración será dun ciclo. A avaliación farase tomando como referente os criterios de avaliación da propia adaptación curricular. A adaptación curricular quedará reflectida no expediente académico, nos informes aos pais e no libro de escolaridade.

Na actualidade (curso 2015-2016) contamos con tres alumnos que cursan os seus respectivos niveis con adaptacións curriculares, logo de esgotar as medidas ordinarias oportunas.

- ***Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe***

Na Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, concretamente no artigo 19 sobre intervencións específicas, especificase que “as intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación, do que forman parte, en colaboración co titor do grupo ao que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xusto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra da aula en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar”.

Esta é a medida extraordinaria da que máis alumnado con necesidades específicas de apoio educativo se beneficia no noso centro.

- **Flexibilización da duración do período de escolarización**

	<b>Orde 27/12/2002</b>	<b>Orde 28/10/1996</b>	<b>Decreto 229/2011</b>
<b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>	Aumentarse 1 ano máis (idade máxima 7 anos)	Anticipar un ano a Educación Primaria	Pode aumentarse ou reducirse en 1 ano (idade máxima 7 anos en Educación Infantil e mínima de 5 anos en Educación Primaria)
<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	Aumentarse 1 ano máis, ou 2 anos se non se aumentou en Educación Infantil (idade máxima 15 anos)	Reducirse un ano en Educación Primaria	Pode aumentarse ou reducirse en 1 ano (idade máxima 15 anos en primaria e mínima de 10 anos na ESO)

### Procedemento

Unha vez esgotadas todas as medidas ordinarias e de adaptación curricular ou organizativas previstas para a atención ás necesidades específicas de apoio educativo do alumno, a Dirección do centro presentará a solicitude de flexibilización na Delegación Provincial, acompañando a seguinte documentación:

- Informe do Departamento de Orientación xustificando a medida



- Conformidade por escrito dos pais ou titores legais
- Fotocopia compulsada do libro de escolaridade
- E a proposta de Adaptación Curricular

Esta solicitude remítese, xunto co informe que emite a Inspección Educativa á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa que autorizará ou denegará a flexibilización.

#### **4.5. Plans e programas que se levan a cabo no CEIP Serra-Vincios**

Ademais das medidas ordinarias e extraordinarias mencionadas, no CEIP Serra-Vincios lévanse a cabo outros plans e programas de actuación e mellora do currículo:

- **MEDIDAS A TER EN CONTA CARA O PLAN DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE NOVO INGRESO AO 2º CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL**
  - ✓ Deseño do programa e responsable da súa realización: equipo directivo e profesorado do centro
  - ✓ Colaboran: mestras de Educación Infantil
  - ✓ Seguimento e avaliación: equipo directivo e titor/a do alumnado en período de adaptación e profesorado de apoio
  - ✓ Temporalización preferente: a realizar no 1º trimestre (setembro)
  
- **PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA LINGUAXE ORAL CON NENOS DE EDUCACIÓN INFANTIL, para alumnado de 1º curso do 2º ciclo de Educación Infantil**

O desenvolvemento da linguaxe oral no ámbito tanto comprensivo como expresivo é fundamental para un rendemento axeitado e o desenvolvemento madurativo da intelixencia verbal, ao mesmo tempo que mellora actitudes atencionais. Por iso se considera importante elaborar un programa de actividades para traballar neste sentido e para darlle continuidade.

- ✓ Deseño do programa e responsable da súa realización: Profesora especialista en Audición e Linguaxe
  - ✓ Colaboran: mestras de Educación Infantil, en especial as de 1º curso do 2º ciclo
  - ✓ Asesora: Departamento de Orientación
  - ✓ Seguimento, avaliación e elaboración da memoria: especialista en Audición e Linguaxe
  - ✓ Temporalización preferente: ao longo de todo o curso
- 
- ***PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA LINGUAXE ORAL CON NENOS DE EDUCACIÓN INFANTIL, para o alumnado de 2º curso de 2º ciclo de Educación Infantil***

O desenvolvemento da linguaxe oral no ámbito tanto comprensivo como expresivo é fundamental para un rendemento axeitado e o desenvolvemento madurativo da intelixencia verbal, ao mesmo tempo que mellora actitudes atencionais. Por iso se considera importante elaborar un programa de actividades para traballar neste sentido e para darlle continuidade.

    - ✓ Deseño do programa e responsable da súa realización: Profesora especialista en Audición e Linguaxe
    - ✓ Colaboran: mestras de Educación Infantil, en especial as de 2º curso do 2º ciclo
    - ✓ Asesora: Departamento de Orientación
    - ✓ Seguimento, avaliación e elaboración da memoria: especialista en Audición e Linguaxe
    - ✓ Temporalización preferente: ao longo de todo o curso
- 
- ***PROGRAMAS DE TRANSICIÓN DE PRIMARIA A SECUNDARIA***
    - ✓ Deseño do programa e responsable da súa realización: Departamento de Orientación e equipo directivo
    - ✓ Colaboran: Departamento de Orientación, equipo directivo e profesorado de 6º curso de educación primaria
    - ✓ Coordina: equipo directivo
    - ✓ Asesora: Departamento de Orientación

- ✓ Seguimento, avaliación e elaboración da memoria: Departamento de Orientación e equipo directivo
- ✓ Temporalización preferente: 3º trimestre
  
- ***PLAN DE DETECCIÓN DO ALUMNADO CON RISCO DE NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO, destinado ao alumnado do 3º curso do 2º ciclo de Educación Infantil***
  - ✓ Destinatario: alumnado do 3º curso do 2º ciclo de Educación Infantil sen avaliación psicopedagóxica previa e que presente sospeitas de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación.
  - ✓ Deseño das liñas do programa: Departamento de Orientación
  - ✓ Realización das avaliacións psicopedagóxicas: Departamento de Orientación
  - ✓ Colaboran: Departamento de Orientación, dirección do centro e profesorado de Educación Infantil, especialmente a titora do curso.
  - ✓ Asesora: Departamento de Orientación
  - ✓ Seguimento: Departamento de Orientación e titora dos alumnos afectados
  - ✓ Avaliación e elaboración da memoria: Departamento de Orientación
  - ✓ Temporalización preferente: 3º trimestre do curso actual e 1º trimestre do curso seguinte
  
- ***PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO (de haber alumnado que o precise e se incorpore ao centro ao longo do curso)***
  - ✓ Deseño das liñas do programa: Departamento de Orientación
  - ✓ Colaboran: profesorado do centro e equipo directivo
  - ✓ Responsable da súa realización, seguimento, avaliación e elaboración da memoria: profesorado titor en colaboración co profesorado de ciclo
  - ✓ Realización: de xurdir a necesidade, realizarase ao longo do curso (dende a súa nova incorporación no centro ata a súa integración)

## **5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**

Ao principio de cada curso escolar o profesorado titor realizará ao alumnado unha avaliación inicial, coa finalidade de detectar posibles necesidades e déficits e posteriormente considerar se é oportuno realizar un apoio ou reforzo ou, si se trata de necesidades maiores, considerar a posibilidade dunha avaliación psicopedagóxica.

Unha vez detectada a necesidade, o titor tomará aquelas medidas pedagóxicas que estime convenientes para a súa corrección; de persistir as dificultades, se lle será comunicada á dirección do centro ou xefatura de estudos, que tomará as medidas pertinentes. No caso de que as medidas a tomar non sexan de tipo ordinario ou extraordinario e que necesitasen dun profesor de apoio para realizalas, seguirase o criterio de asignación e será coñecido con anterioridade polo profesorado do centro no claustro escolar.

### **Recursos materiais**

Nesta escola propoñémonos que tanto no propio centro como na aula exista una distribución flexible do espazo e o mobiliario nas diferentes áreas ou actividades. Procurarase rendabilizar ao máximo os recursos ordinarios, evitando a utilización de recursos específicos, salvo que sexa totalmente necesario.

Para a selección de recursos materiais, teremos en conta algúns criterios como:

- que sexan atractivos para o alumnado
- que poidan experimentar con eles participando na consecución dos resultados
- que sexa sinxelo, seguro e de fácil reposición
- que sexa funcional e polivalente.

## **Recursos persoais**

Os medios humanos cos que conta o centro para atender á diversidade están constituídos por: os mestres titores, os mestres de áreas ou materias, mestres especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, departamento de orientación, coidadora e Equipo de Orientación Específico.

As familias son tamén moi importantes neste aspecto e debemos implicalas na labor educativa, mantendo unha fluída e estreita colaboración con estas, sobre todo no caso de alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo.

### **Criterios para establecer os apoios**

- Atenderase de forma preferente ao alumnado que determine o informe psicopedagógico correspondente.
- Atenderase ao alumnado obxecto dunha adaptación curricular.
- Alumnos procedentes de infantil que flexibilizarán a escolarización neste etapa nun curso máis.
- Aqueles alumnos do 1º e 2º curso de Educación Primaria, que a pesar de recibir Reforzo Educativo do profesor de aula, non alcanzaron o nivel lecto – escritor.
- Alumnos que se incorporaron a Educación Primaria, procedentes doutros centros con informe psicopedagógico no que se reflectan necesidades específicas de apoio educativo.
- Alumnos que xa permaneceron un curso máis en Educación Primaria e cos que xa se veñen adoptando medidas de Reforzo Educativo.
- Os apoios impartiranse preferentemente durante as áreas de Linguaxe ou Matemáticas.
- Buscarase en todo momento un apoio de calidade, non de cantidade.

- E sempre que sexa posible dentro da aula ordinaria.

## **6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**

Complementando e incidindo nas actuacións dos profesores do centro en relación coas medidas que se desenvolvan e que veñen recollidas no apartado 4, no ámbito das funcións destes profesionais que establece a normativa, en relación coa atención á diversidade no CEIP Serra de Vincios, destacamos que na actualidade contamos co seguinte persoal:

### ***Apoio específico***

No presente curso cóntase no C.E.I.P. Serra-Vincios co seguinte persoal de apoio:

- 1 profesora a tempo total coa especialidade de Pedagogía Terapéutica
- 1 profesora coa especialidade de Audición e Linguaxe a tempo parcial (acude tres días á semana: martes, xoves e venres).
- A orientadora de centro é afín a pedagogía terapéutica

### ***Apoio ordinario***

- No presente curso cóntase no C.E.I.P. Serra-Vincios:
- 1 mestra de apoio ordinario na Educación Infantil
- Os mestres de Educación Infantil e de Educación Primaria e os especialistas poderán facer apoios en función das necesidades e dispoñibilidade horaria, a designar pola dirección do centro.

Cabe mencionar que contamos, ademais, cunha coidadora para atender ás necesidades específicas dalgúns nenos e nenas do centro.

En relación coa diversidade do alumnado presente nas nosas aulas, as funcións de cada profesional reflíctense no seguinte resumo:

### **a) Actuacións e responsabilidades da xefatura de estudos e/ou dirección do centro**

- Desenvolver mecanismos e indicadores para o seguimento do P.X.A.D., facéndose responsable do seu desenvolvemento, seguimento e avaliación e velando polo seu cumprimento, avaliación e memoria. Realizará as xestións necesarias para a aprobación da proposta do P.X.A.D. e a súa inclusión na programación xeral anual.
- Asignará o profesorado de apoio para o alumnado con N.E.A.E. e/ou ás diferentes clases/aulas onde considere que sexa oportuno.
- Coordinará as diferentes actividades docentes relacionadas coas avaliacións, adaptacións curriculares, actividades de recuperación, reforzo e ampliación, así como a coordinación, seguimento, avaliación e revisión da evolución do alumnado con N.E.A.E., establecendo a dirección das directrices de coordinación entre o titor e o resto de especialistas con funcións de apoio e reforzo.
- Autorizará as medidas de atención á diversidade de carácter extraordinario e solicitará a intervención do equipo específico cando o considere necesario.

#### **b) Actuacións e responsabilidades dos membros de Departamento de Orientación**

- Facer unha proposta da concreción do P.X.A.D., elaborando posteriormente unha memoria do P.X.A.D. e incluíla na memoria do Departamento de Orientación
- Asesorar ao profesorado (de área, titor e apoio) no seguimento, avaliación e revisión da evolución do alumnado con N.E.A.E., así como aquel profesorado que realice unha adaptación curricular (tanto na súa elaboración, renovación como avaliación).
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas (seguindo o protocolo establecido), as propostas e deseño de intervención específica a realizar polos especialistas en A.L. e P.T. e o estudo e análise das informacións obtidas nas avaliacións iniciais de novo ingreso ao colexio, asesorando (aos titores e/ou xefatura de estudos) sobre as posibles medidas organizativas en función dos datos obtidos.
- Colaborar na realización do informe psicopedagóxico e no deseño das medidas de atención á diversidade en función dos datos obtidos nas avaliacións psicopedagóxicas
- Elaborar, a final da etapa de Educación Primaria, un informe do proceso educativo do alumnado que fose obxecto dunha atención derivada das necesidades educativas especiais
- Cooperar, cando sexa necesario, cos membros do equipo específico de apoio

**c) Actuacións e responsabilidades do profesorado de apoio específico (Audición e Linguaxe / Pedagogía Terapéutica)**

- Realizar a docencia ao alumnado con N.E.A.E., ben sexa con programas específicos de intervención ou en calquera outra intervención docente (directo ou de apoio ao profesorado), así como o seu seguimento, avaliación e coordinación; exercendo as labores de orientación, apoio e asesoramento ao profesorado e pais do alumnado obxecto de intervención.
- Colaborar na realización de avaliacións psicopedagóxicas, así como na elaboración, renovación e avaliación das A.C. e das medidas de reforzo naquelas materias ou áreas instrumentais obxecto da súa intervención.
- Asistir ás reunións de seguimento do alumnado con N.E.A.E., así como ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica e do departamento de orientación.
- Coordinarse co departamento de orientación, titor/profesor e xefatura de estudos en temas relacionados coa atención ao alumnado con N.E.A.E.

**d) Actuacións e responsabilidades do xefe do Departamento de Orientación**

- Participar nas sesións de avaliación mediante o asesoramento e apoio ao profesorado, para deseñar, desenvolver e avaliar as actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas que se realizan coas medidas de atención á diversidade conforme ao proxecto curricular de centro.
- Realizar os informes psicopedagóxicos e os ditames de escolarización, realizado as revisións da escolarización diferente á ordinaria.
- Asistir ás convocatorias de reunión realizadas polo I.E.S. adscrito e a Comisión de Coordinación Pedagóxica (representando ao Departamento de Orientación)
- Elevar á xefatura de estudos, colaborando cos especialistas de apoio, unha proposta de organización docente para o alumnado con N.E.A.E.
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións do Departamento de Orientación
- Cooperar cos membros do equipo específico de apoio

**e) Actuacións e responsabilidades do profesor titor**

- Realizar as avaliacións iniciais do alumnado de novo ingreso e a comezo de cada ciclo, elaborando aquelas medidas de reforzo necesarias para solucionar as



dificultades presentadas, así como o seguimento e avaliación do alumnado con N.E.A.E.

- Colaborar co Departamento de Orientación na realización das avaliacións psicopedagóxicas
- Impartir a docencia ao alumnado con N.E.A.E. na aula ordinaria e informar aos pais da evolución deste alumnado, así como dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas dos alumnos, dos resultados desa identificación e valoración e das posibles aplicacións e medidas de atención á diversidade que se determine
- Solicitar convocatorias de reunións á xefatura de estudos para o seguimento do alumnado con N.E.A.E.
- Rexistrar os datos relativos á avaliación psicopedagóxica nos diferentes documentos oficiais segundo indica a lei
- Elaboración, renovación e avaliación da A.C. (por parte do profesor da área obxecto da A.C.) no alumnado que o precise
- Decidir sobre a promoción de ciclo ou etapa despois de escoitados os pais
- Coordinarse coa xefatura de estudos sobre a atención do alumnado con N.E.A.E.

## **7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS**

### **a) Responsabilidade na coordinación do alumnado con N.E.A.E.**

A **xefatura de estudos** coordinará e velará pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesores e alumnos, así como as diferentes actividades docentes relacionadas coas avaliacións, adaptacións curriculares, actividades de recuperación, reforzo e ampliación e a coordinación, seguimento, avaliación e revisión da evolución do alumnado con N.E.A.E., establecendo a dirección das directrices de coordinación entre titor e o resto dos especialistas con funcións de apoio e reforzo.

O **xefe do Departamento de Orientación** coordinará, en colaboración con profesores de apoio, a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, elevando á xefatura de estudos, cando cumpra, a proposta de docencia deste alumnado.

Os **especialistas de apoio, en especial o/a de Pedagogía Terapéutica** coordinará a atención do alumnado con N.E.A.E. e, coa colaboración da xefatura de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos con algún tipo de minusvalidez física, psíquica ou sensorial.

O **profesor titor** coordinarase coa xefatura de estudos para dirixir accións comúns entre profesorado e especialistas de apoio.

**b) Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas**

**Coordinación e colaboración interna entre o profesorado do alumnado obxecto de medidas extraordinarias de atención á diversidade que remata curso, ciclo ou etapa no centro**

Con todo o alumnado que fose obxecto dunha medida de atención á diversidade extraordinaria, terase en conta o seguinte:

- Ao final de curso/ciclo ou ben cando un alumno obxecto dunha medida de atención á diversidade acceda de Educación Infantil a Educación Primaria dentro do mesmo centro, o titor, por medio da xefatura de estudos ou dirección do centro, convocará unha reunión co profesorado que interveu na evolución escolar do alumno e valorará o progreso do alumno e as medidas tomadas ao longo do curso.
- Determinarase cales serían as liñas pedagóxicas a seguir cara o próximo curso e outras consideracións. O profesor titor fará un informe-resumo da evolución do neno ao longo do ciclo ou tempo que permaneceu con el; o profesor titor tomará nota dos acordos tomados na citada reunión para telos en conta cara o vindeiro curso. Este informe xuntarase á documentación que conforme o expediente escolar do alumno e estará a disposición do titor do próximo curso. Os pais ou tutores legais estarán informados polo titor da evolución do neno.

## **Seguimento e rexistro das avaliacións no alumnado obxecto de medidas á diversidade**

### **Etapa de Educación Infantil**

- Avaliación inicial: cando un alumno ou alumna se incorpore ao segundo ciclo da Educación Infantil, entre outras accións, o profesor titor recollerá aqueles datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais de interese para a vida escolar, completándose con outras observacións ou recollida de opinións realizadas ao longo da súa etapa de adaptación ou outras observacións. De haber un risco de necesidade específica de apoio educativo, os datos recollidos polo titor/a serán estudados e analizados en colaboración cos membros do Departamento de Orientación, quen, coa axuda do profesor/a titor/a, determinarán a necesidade dunha posterior observación e análise do seu progreso escolar ou conduta para valorar a necesidade dunha avaliación ou informe psicopedagóxico.

De ser necesario, o profesor titor rexistrará na ficha de avaliación inicial do expediente persoal do alumno ou alumna o informe de avaliación psicopedagóxica, así como aqueloutros informes ou documentos derivados dunha avaliación psicopedagóxica actualizada, de carácter relevante para a intervención educativa dos docentes.

De non haber un programa específico de intervención realizado polo especialistas en A.L. e P.T., será o profesor titor o responsable do desenvolvemento dos programas para este alumnado, así como do seu seguimento e informarán aos pais e titores legais da evolución dos alumnos con reforzo ou medidas de apoio.

- Avaliación final: ao remate de cada curso, o profesor titor elaborará o informe anual de avaliación individualizada no que se reflectirá, entre outros, as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas. Na ficha-informe de avaliación anual do expediente persoal do alumno recolleranse os aspectos máis significativos do seu desenvolvemento respecto ao expresado no informe de avaliación psicopedagóxica que consta na ficha de avaliación inicial.

- Ao finalizar o ciclo: na finalización do ciclo, o profesor/a titor/a recollerá nun informe o progreso global de cada neno/a e fará constar, entre outros, os aspectos máis destacados do seu progreso educativo e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen.

O titor rexistrará:

- a. No informe de avaliación final de ciclo ou etapa, os aspectos máis significativos do grao de desenvolvemento do alumnado respecto ao informe de avaliación psicopedagóxica inicial.
- b. Na ficha-resume de cada un dos ciclos de Educación Infantil, dentro do apartado Observacións sobre a escolaridade, o ditame de escolarización e, se é o caso, a resolución da comisión de escolarización ou da inspección educativa correspondente.

### Etapa de Educación Primaria

Nos documentos oficiais de avaliacións, o profesor/a titor/a fará constar o disposto no **Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**; na **Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización**, no artigo 9, e no **Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación**, no artigo 35.

### **Seguimento e informe do profesorado de apoio especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.**

Ao longo de cada curso e ao final do mesmo, os profesores especialistas de P.T. e de A.L. e aqueles que realizasen o seguimento dunha medida extraordinaria farán un informe resumo da evolución do alumnado ou programa que estivo a levar ao seu cargo. A este informe terá acceso o profesor titor e aqueles profesores que lle impartan clase ao alumno

obxecto da medida extraordinaria. Unha copia do mesmo estará a disposición do Departamento de Orientación e outra será custodiada polo especialista que a realice.

### **c) Mecanismos de coordinación e colaboración cos centros adscritos ou de adscrición**

#### **Coincidindo cun traslado de centro ou remate de etapa de Educación Primaria**

- Informe de avaliación final de etapa:

O profesor titor elaborará un informe individualizado, tendo en conta os ciclos anteriores, destacando aqueles aspectos relevantes que poidan incidir na continuidade do seu proceso de formación (inclúense aquí as posibles medidas de atención á diversidade).

Ao remate da Educación Primaria, o Departamento de Orientación do centro, elaborará un informe sobre o proceso educativo do alumnado que fose obxecto de atención derivadas de necesidades específicas de apoio educativo. Nel recollerase unha descrición dos apoios adicionais recibidos, de tipo curricular, organizativo e de acceso ao currículo, se os houberse. Este informe terá carácter confidencial e xuntarase á documentación que se remita ao centro no que o alumno vaia a continuar a súa escolarización e estará a disposición da inspección educativa.

- Cambio de centro:

- a. Cambio de centro no que se impartan as ensinanzas do sistema educativo español: o centro de orixe remitiralle o historial académico de educación primaria. Se coincide co remate do ciclo, este historial irá acompañado do informe de avaliación final de ciclo. Se o cambio se produce sen rematar o ciclo, xuntarase un informe persoal por traslado con datos recollidos no historial académico que concordan co expediente que se garda no centro de orixe.
- b. Cambio de centro no que non se impartan as ensinanzas dos sistema educativo español (sexa dentro ou fora de España): o centro de orixe emitirá unha certificación académica do alumno, permanecendo o historial académico no centro de orixe.

#### **Relación cos colexios adscritos**

- Relación co I.E.S. Terra de Turonio de Gondomar

Este Departamento de Orientación está adscrito ao I.E.S. Terra de Turonio de Gondomar polo que se establecerán reunións para elaborar liñas de actuación do P.O.A. e do P.A.T e adaptalas a cada centro, así como para perfilar e coordinar o Plan de tránsito de Primaria a E.S.O., que se realizará coa finalidade de facilitar a adaptación do alumnado ao novo centro e mellorar a continuidade do seu progreso educativo. No Plan de transición cara a E.S.O. incluíranse, entre outros obxectivos, os seguintes:

- 1.- Promover o coñecemento de si mesmo. Capacidades e intereses.
- 2.- Facilitar información ao alumnado e as súas familias sobre as características da Educación Secundaria Obrigatoria
- 3.- Procurar a acollida e integración no I.E.S. para previr situacións de inadaptación, ansiedade e illamento ou baixo rendemento
- 4.- Realizar o transvasamento de información nun período de tempo que posibilite o uso da información para a planificación de medidas de atención á diversidade, organización de materias optativas, reforzos educativos... Cumprimentar o documento de tránsito ou o informe individualizado de avaliación.
- 5.- Garantir a maior continuidade posible da atención educativa específica e especializada do alumnado con N.E.A.E.

Para acadar os citados obxectivos, realizaranse diversas actividades en colaboración co centro ao que estamos adscritos.

## **8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO**

### COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

O papel das familias no proceso educativo é moi importantes, sobre todo no caso de necesidades específicas de apoio educativo. A participación das familias é de suma importancia tanto no proceso de detección coma no de avaliación e na elaboración da posta en práctica da resposta educativa, así como informalos acerca das necesidades e

características dos seus fillos ou fillas, das súas implicacións e repercusións e proporcionarlle orientacións e pautas de intervención.

O centro educativo deberá facilitar e fomentar esta canle de comunicación coas familias, mediante:

- xuntanzas de titorías grupais coas familias
- atención individual do profesorado os martes de 17:30 – 18:30 horas.
- Circulares informativas a nivel de centro ou titorías.
- Atención individualizada do equipo directivo no horario establecido ao efecto.
- Atención individualizada da orientadora
- A páxina web do colexio

Segundo o establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, as familias participarán mediante un representante das mesmas, no goberno do centro educativo a través do Consello Escolar, así como poderán organizarse formando e colaborando a ANPA.

### CANLES DE COLABORACIÓN EXTERNA;

Estableceranse tamén desde o centro canles de colaboración con:

- Concello (servizos sociais, bibliotecas municipais, asistentes sociais....)
- Servizos dependentes do Sergas (centros de saúde, medico de familia, especialistas, unidade de atención temperá...)

- Distintas asociacións; B.A.TA, ANHIDA, asociación de veciños
- Recursos externos empregados polos alumnos e alumnas (gabinetes psicopedagóxicos externos que atenden aos nosos/as alumnos e alumnas, logopedas, psicólogos, clases de apoio...)
- Equipo de Orientación Específico
- Distintos centros educativos (CEIP Donas, IES Terra de Turonio, IES Auga da Laxe...)

Así como todas aquelas institucións ou persoas que poidan achegar a súa colaboración para atender de forma global o alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo. Estas canles de coordinación externas, dependerán moitas veces da situación real que se presente, e programaranse cando se vaian a realizar.

## **9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

No Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, *“considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que podan requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes”*.

### **Procedemento para solicitar a intervención do Departamento de Orientación**

1º O Reforzo Educativo será unha das medidas a poñer en funcionamento por parte dos titores en primeira instancia como medida ordinaria máis inmediata.



2º Comunicación mediante unha demanda escrita e asinada, do titor ou titora ao Departamento de Orientación.

3º O Departamento de Orientación inicia un proceso de recollida de datos (observación dentro e fóra da aula, entrevista titor, entrevista familia, probas curriculares e/ou psicolóxicas). No caso de que o D.O o considere necesario, procederá a realizar unha avaliación psicopedagóxica.

4º Unha vez rematado o punto anterior, o D.O elabora un programa de intervención ou as pautas de intervención conxuntamente coa profesora de apoio e o titor/a, dependendo do caso, establecéndose os apoios en base os criterios expostos no apartado 5 deste plan.

5º Farase un seguimento trimestral da evolución do alumno ou alumna. No caso de que non sexa favorable farase unha adecuación das medidas adoptadas.

### **Condicións xerais a ter en conta cara a aplicación das medidas extraordinarias**

- a) Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes
- b) Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que procesa e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.
- c) Consideramos medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as seguintes: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en P.T. e/ou A.L., flexibilización da duración do período de escolarización, grupos de adaptación de competencias curriculares, grupos de adquisición de linguas, atención ao alumnado que por circunstancias diversas presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

**Procedemento a seguir para determinar as medidas de atención á diversidade**

- a) Unha vez detectado o déficit, a partir da avaliación inicial que se realice a principio de curso, e observado o alumno un tempo prudencial para comprobar a súa avaliación na aula, se o profesor titor considera que o alumno non se axusta ben sexa ás súas necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, provocando un déficit na súa evolución escolar e persoal, deberá tomar outras medidas pedagóxicas ou organizativas diferentes para comprobar o seu resultado.
- b) De non xurdir efecto as citadas medidas, o titor comunicarallo á dirección do centro ou á xefatura de estudos, que convocarán unha reunión cos profesores que lle impartan clase ao alumno (á que poderá asistir o orientador e profesorado de apoio). Nesta reunión exporase o déficit do alumno e as medidas correctoras tomadas; se xurde algunha posible solución ao problema, tratarase de aplicar nun tempo prudencial para observar a súa evolución; si non xurde a evolución esperada ou non son efectivas as medidas acordadas, considerarase a posibilidade de realizar unha avaliación psicopedagóxica.
- c) De decidir a necesidade de realizar unha avaliación psicopedagóxica, o titor terá que cubrir o protocolo de demanda da mesma, que llo proporcionará a dirección do centro.
- d) O titor comunicarlle aos pais, nais ou titores legais sobre a necesidade de realizar a citada avaliación, do que terán que firmar un documento de “informado”
- e) Unha vez firmado este documento, notificaráselle á dirección do centro e ao xefe do Departamento de Orientación para que os membros do D.O., coordinados polo xefe do mesmo, establezan as probas, enquisas e informacións necesarias para realizar a avaliación. Neste apartado necesitarase a colaboración dos pais, nais ou titores legais alumno para rexistrar os datos do neno que se consideren importantes, así mesmo, o titor do alumno ou calquera profesional do centro cubrirán unhas pequenas enquisas relacionadas coa evolución escolar, familiar, social, de actitude ou conduta do neno/a que considere importante ter en conta.
- f) Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica, a xefatura de estudos convocará ao claustro e, no seu defecto, aos membros do D.O., aos profesores que lle impartan

docencia ao neno, profesorado de apoio especialistas, xefe de estudos e/ou director do centro e orientador para valorar as conclusións da avaliación psicopedagóxica. De acordar medidas ordinarias ou extraordinarias, a xefatura de estudos especificará cal desas medidas se aplicarían especificamente, marcando as liñas base para o seu desenvolvemento.

- g) De acordar medidas ordinarias de atención á diversidade non será necesario a elaboración dun informe psicopedagóxico, pero si é necesario elaboralo no caso de tomar medidas extraordinarias.
- h) Os pais, nais ou tutores legais serán informados polo seu titor das conclusións da avaliación psicopedagóxica e das posibles medidas de atención á diversidade, e de realizarlle un informe psicopedagóxico será informado polo seu titor e, se se estimase conveniente, polo orientador do dentro, ben sexa nunha reunión conxunta co titor ou en diferentes reunións.

### **Critérios e procedementos para realizar as adaptacións curriculares significativas**

- a) Estudar o nivel de competencia curricular do alumno ou alumna segundo os informes elaborados polo DO.
- b) Realizar unha avaliación inicial para confirmar o que o alumnado é capaz de realizar segundo o seu nivel de competencia establecido en cada área ou materia.
- c) Buscar no currículo do seu nivel de competencia curricular os obxectivos xerais que contribúen a desenvolver as capacidades establecidas, e os elementos do currículo como obxectivos, contidos, criterios de avaliación do devandito nivel nas diferentes áreas.
- d) Seleccionar obxectivos, contidos e criterios de avaliación do seu nivel de competencia curricular que coincidan co nivel no que está escolarizado.
- e) A temporalización das adaptacións curriculares farase coincidir coa programación do grupo de referencia.

- f) Non é necesario facer adaptacións curriculares en todas as áreas ou materias. Só se farán cando sexan necesarias e se confirme a imposibilidade de alcanzar os contidos mínimos con adaptacións curriculares non significativas.
- g) As adaptacións curriculares significativas realizaranse nos casos en que, con outras medidas de atención á diversidade, se vexa a imposibilidade de seguir o currículo.
- h) As actividades destes alumnos e alumnas, terán sempre como referente as Adaptacións Curriculares realizadas. Terán que ser motivadoras, atractivas e variadas.
- i) Os criterios de avaliación axustarase á Adaptación Curricular realizada.
- j) O responsable de realizar a Adaptación Curricular será o profesor ou profesora de área ou materia, con axuda e asesoramento do Departamento de Orientación
- k) O profesorado de Pedagogía Terapéutica apoiará nas súas horas de docencia de directa co alumnado os contidos e competencias establecidos.
- l) Nas horas de docencia directa do profesorado de apoio traballarase tamén a autoestima, a motivación, as habilidades sociais incidindo nas relacións intrapersonais e as extrapersonais.

## **10. AVALIACIÓN DO PLAN**

O equipo directivo do centro será responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade, para o que establecerá mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do mesmo e emitirá (como acción de seguimento) un informe trimestral e final sobre o desenvolvemento da atención á diversidade no centro, que se avaliará como un apartado máis dentro da revisión da P.X.A. Para iso, o equipo directivo considerará as opinións dos equipos de ciclo e os informes da C.C.P no que se valorará o grao de realización do plan e a súa adecuación, e as finalidades que pretende, rexistrándose na avaliación final da P.X.A.

En función do seguimento e avaliación realizada polo equipo directivo, ao final de cada curso, o D.O. elaborará unha memoria final do P.X.A.D. e establecerá, de ser o caso, as

pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do D.O e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

Os axentes implicados nesta avaliación son os mesmos alumnos, titores... a través das reunións de coordinación de cada nivel, das do D.O. e das reunións dos diversos equipos, con especial consideración da C.C.P e o equipo directivo.

## **11. ANEXOS**

- ***Anexo 1: Protocolo para solicitar unha avaliación psicopedagóxica***



	<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	<b>CEIP SERRA-VINCIOS</b> A Serra s/n - Vincios 36316 GONDOMAR (Pontevedra) 886 120 042	
WEB: <a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios">www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios</a> E-Mail: <a href="mailto:ceip.serra.vincios@edu.xunta.es">ceip.serra.vincios@edu.xunta.es</a>			

## FOLLA DE DEMANDA

<b>ALUMNO/A:</b>
<b>CURSO:</b>
<b>DATA DE NACEMENTO: IDADE:</b>
<b>QUÉN REALIZA A DEMANDA:</b>
<b>MOTIVO DA DEMANDA</b>

En ....., a ..... de..... de 20....

Asdo:

	<b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN</b> <b>E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>	<b>CEIP SERRA-VINCIOS</b> A Serra s/n - Vincios 36316 GONDOMAR (Pontevedra)	
WEB: <a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios">www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios</a>		886 120 042	
E-Mail: <a href="mailto:ceip.serra.vincios@edu.xunta.es">ceip.serra.vincios@edu.xunta.es</a>			

## AUTORIZACIÓN DA FAMILIA PARA A REALIZACIÓN DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D/D<sup>a</sup>.....con

DNI..... en calidade de pai/nai ou titor/titora legal do  
 alumno/a....., matriculado durante  
 o presente curso lectivo 2015-2016 en....., fun informado/a polo  
 Departamento de Orientación das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e

**AUTORIZO** Ó DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN A REALIZAR A  
 AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

**NON AUTORIZO** Ó DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN A REALIZAR A  
 AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Vincios, a ..... de ..... de 20.....

O/A pai/nai ou titor/a legal:

(Sinatura)

	<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	<b>CEIP SERRA-VINCIOS</b> A Serra s/n - Vincios	
WEB: <a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios">www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios</a>		36316 GONDOMAR (Pontevedra)	
E-Mail: <a href="mailto:ceip.serra.vincios@edu.xunta.es">ceip.serra.vincios@edu.xunta.es</a>		886 120 042	

### AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA O APOIO EDUCATIVO

D/D<sup>a</sup>.....,con DNI  
..... en calidade de pai/nai ou titor/titora legal, do  
alumno/a.....,matriculado durante o  
presente curso lectivo 2015-2016 en ..... de .....(curso).

**AUTORIZO** AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN A APLICAR AS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE QUE CONSIDERE OPORTUNAS (Apoio de Pedagogía Terapéutica en aula ordinaria e/ou en aula de apoio e/ou apoio de Audición e Linguaxe.)

Vincios , a..... de ..... de 20.....

O/A pai/nai ou titor/a legal:

(Sinatura)





	<b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN</b> <b>E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>	<b>CEIP SERRA-VINCIOS</b>	
<b>WEB:</b> <a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios">www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios</a>	<b>E-Mail:</b> <a href="mailto:ceip.serra.vincios@edu.xunta.es">ceip.serra.vincios@edu.xunta.es</a>	<b>A Serra s/n - Vincios</b> <b>36316 GONDOMAR (Pontevedra)</b>	<b>886 120 042</b>

**CUESTIONARIO PREVIO DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA PARA EDUCACIÓN PRIMARIA**

**1. RESPECTO DA DEMANDA:**

AUTOR:.....  
 RELACIÓN CO ALUMNO:.....  
 MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA:.....  
 .....  
 .....

**2. RESPECTO DO ALUMNO:**

**2.1. DATOS PERSOAIS:**

APELIDOS E NOME:.....  
 DATA DE NACEMENTO:.....  
 NOME DO PAI.....:  
 PROFESIÓN:.....  
 ENDEREZO:..... TELÉFONO/S:.....  
 NOME DA NAI.....:  
 PROFESIÓN:.....  
 ENDEREZO:..... TELÉFONO/S:.....

NOME DA DATOS RELEVANTES DA SÚA ESCOLARIZACIÓN:

.....  
 .....  
 .....  
 .....  
 .....



¿ASISTE REGULARMENTE AO COLEXIO?: NON:  Porcentaxe de absentismo:..... SI:

¿RECIBIU OU RECIBE ALGÚN TIPO DE APOIO EXTERNO?: NON:  SI:  (Indicar en qué consiste ou consistiu)

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

**2.2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE** (Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, dificultades sensoriais observadas, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos, ...)

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

**2.3. DATOS PSICOSOCIAIS** (Citar aspectos significativos relacionados coa integración no grupo, relación no xogo, participación na clase,..)

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

**2.4. DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:**

NÚMERO DE IRMÁNS:..... LUGAR QUE OCUPA:.....

FAMILIARES QUE CONVIVEN NA CASA:.....

EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE O NENO:

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

**2.5. NIVEL DE DESENVOLVEMENTO CURRICULAR:** (dificultades nas áreas de lingua, matemáticas..., áreas con maior competencia...)

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

**2.6. REALIZACIÓN DE TAREFAS** (nivel de atención, chamadas de atención, reflexividade ou impulsividade, persistencia na tarefa...).

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

**2.7. RESPOSTA ANTE OS REFORZOS** (cales lle agradan máis,...)

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....



**3. RESPECTO DA FAMILIA:** (colaboracións, reunións....)

.....

.....

.....

.....

.....

.....

En Vincios, a ..... de ..... de 20.....

Asdo: .....

	<p><b>XUNTA DE GALICIA</b>  <b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN</b>  <b>E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b></p> <p>WEB: <a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios">www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios</a>          E-Mail: <a href="mailto:ceip.serra.vincios@edu.xunta.es">ceip.serra.vincios@edu.xunta.es</a></p>	<p><b>CEIP SERRA-VINCIOS</b>          A Serra s/n - Vincios          36316 GONDOMAR (Pontevedra)          886 120 042</p>  
---	---	---

## CUESTIONARIO PREVIO DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA PARA EDUCACIÓN INFANTIL

1. RESPECTO DA DEMANDA:

- 1.1. Autor: .....
- 1.2. Relación co alumno/a:.....
- 1.3. Motivo fundamental da demanda.....
- 1.4. Data de recepción de este cuestionario:.....Data de entrega:.....

2. RESPECTO DO ALUMNO/A:

2.1. Datos persoais:

- Nome e apelidos: .....
- Data de nacemento:.....
- Nome do pai: .....
- Profesión: ..... Teléfono; .....
- Dirección: .....
- Nome da nai: .....
- Profesión: ..... Teléfono; .....
- Dirección: .....

2.2. Historial académico

CURSO ACADÉMICO	COLEXIO	NIVEL	TITOR/A	INFORMES



2.3. Datos físicos e de saúde (citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, dificultades sensoriais observadas, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos...)

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

2.4. Datos psicosociais ( citar aspectos significativos relacionados coa integración no grupo, relación no xogo, participación en clase...)

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

2.5. Datos no entorno socio-familiar

Número de irmáns ..... Lugar que ocupa: .....

Familiares que conviven na casa: .....

Expectativas familiares sobre o neno/a .....

.....  
.....  
.....  
.....  
.....

2.6. Datos do proceso de ensino-aprendizaxe

NIVEL DE DESENVOLVEMENTO E COMPETENCIA CURRICULAR NAS ÁREAS CURRICULARES. DIFICULTADES.

A) COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- O corpo e a propia imaxe

.....  
.....  
.....

- Xogo e movemento

.....  
.....  
.....

- Actividade cotiá

.....  
.....  
.....

- Coidado persoal e saúde

.....  
.....  
.....

B) COÑECEMENTO DA CONTORNA

- Medio físico: elementos, relacións e medida

.....  
.....  
.....  
.....

- Achegamento á natureza

.....  
.....  
.....  
.....





.....

.....

.....

### 3. ESTILO DE APRENDIZAXE E MOTIVACIÓN PARA APRENDER

3.1. Actitude do alumno/a ante os diferentes agrupamentos (indicar se lle gusta traballar só/soa, en pequeno grupo, con atención individualizada...)

.....

.....

.....

3.2. Áreas, contidos e actividades nas que se atopa máis seguro (citar aquilo no que o neno destaca, lle gusta, etc.)

.....

.....

.....

3.3. Nivel de atención (indicar se atende períodos largos de tempo, interrompe con frecuencia a súa tarefa, se non atende...)

.....

.....

.....

3.4. Estratexias que emprega para resolver tarefas (indicar se imita, busca axuda constantemente, planifica a tarefa, actúa impulsivamente sen reflexionar...)

.....

.....

.....

3.5. Reforzos que lle agradan máis

.....

.....

.....



3.6. Realización de tarefas (indicar se as comeza e remata, se as comeza e abandona, se non as comeza...)

.....  
.....  
.....  
.....

3.7. Tipo de material que prefire (manipulativo, de lapis e papel...)

.....  
.....  
.....  
.....

#### 4. RELACIÓN FAMILIA-CENTRO

4.1. ¿Establece con frecuencia a familia relación co titor/a?

.....  
.....  
.....

4.2. ¿Que actitude adopta a familia ante a situación escolar do alumno/a?

.....  
.....  
.....

#### 5. OUTRAS OBSERVACIÓNSS OU DATOS DE INTERESE

.....  
.....  
.....  
.....

Vincios, .....de .....de 20.....



Fdo.: .....